
MOMENTOS ESTELARES DA HUMANIDADE

Texto de STEFAN ZWEIG

Tradución de LAUREANO ARAUJO

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 376 páx. 18 €.

ISBN 978-84-16721-20-7. Ágora K.

Momentos así, tan dramaticamente concentrados, tan cargados de destino, en que unha decisión perdurábel se compacta nunha única data, nunha única hora e a miúdo en só un minuto, son raros na vida dun individuo e raros no decurso da historia...

[Fragmento do prólogo]

O relato da Historia da humanidade está suxeito á múltiples causas e azares, e mesmo os grandes personaxes históricos deben estudarse como un produto da realidade social da súa época. Porén, algúns sucesos ben datados incidiron de forma determinante no devir das sociedades e das culturas. Ao longo desta fascinante obra, Stefan Zweig reúne 14 *miniaturas históricas*; momentos en que «en palabras do propio autor- «o drama reviste formas inauditas, sublimes».

Recorrendo a documentos históricos e reenchendo os espazos baleiros coa súa imaxinación, Zweig presenta episodios que abranguen dende o ano 44 a.C. con Cicerón como vítima e testemuña do derrocamento da *res publica* baixo a ditadura dos césares, ata 1919 cando o presidente Wilson fracasou no seu intento de acadar a paz en Europa trala I Guerra Mundial. Mais tamén aborda a conquista de Bizancio, a descuberta do océano Pacífico, a derrota de Napoleón en Waterloo, ou a viaxe de Lenin en 1917 no comezo da revolución soviética.

Publicado orixinalmente en 1927 tras dedicar máis de 20 anos a elaboralo, “Momentos estelares da humanidade” é quizais o libro máis coñecido deste escritor, apreciado pola súa gran capacidade narrativa, a pericia e a delicadeza na descrición dos sentimentos, e a elegancia do estilo, capaz de seducir dende as primeiras liñas. A arte da *miniatura histórica* acada nesta obra o seu cumio, con textos pensados para instruír deleitando, atendendo os aspectos dramáticos e ás traxedias no devir das persoas e dos pobos.

Cada un destes momentos estelares -escribiu Zweig- «determina a sorte de décadas e séculos», de xeito que a través deles tómase conciencia de cales foron os puntos de inflexión na Historia.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** relatos literarios -miniaturas- con trasfondo histórico.
- **Receptores:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** historia da Humanidade, con atención aos puntos clave que determinaron o pasado e o presente.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/momentos-estelares-da-humanidade-g>

Stefan Sweig

(Viena, 1881 - Petrópolis, 1942)

Foi un escritor, novelista, poeta, dramaturgo, xornalista e biógrafo austríaco de orixe xudía. Doutorado en Filosofía, residiu en París, Londres, e viaxou por España, Italia, Holanda, India, Norteamérica e Panamá, ata que en 1919 regresou a Austria, de onde fuxiu en 1934 pola chegada dos nazis a Alemaña. Declarado pacifista fronte á I Guerra Mundial, denunciou a barbarie bélica nun dos poemas do seu primeiro gran libro. Ademais de poeta, influenciado por autores como Rilke e Verhaeren, creou tamén obras de teatro, novelas, relatos e biografías, ademais de ensaios históricos e literarios que acadaron moita popularidade. Ata a súa morte foi un dos escritores máis famosos e con máis lectores e lectoras no mundo. A hexemonía de Hitler en Europa e as atrocidade do nazismo durante a II Guerra Mundial levárono ao suicidio, xunto coa súa muller, durante o seu exilio no Brasil. “Saúdo a todos os meus. Ogallá poidan ver o amencer logo desta longa noite. Eu, impaciente de máis, marcho antes de aquí”, escribiu na súa carta de despedida.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017»